




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío ao oeste e Santa María de Darbo ao leste. Extensión: 1,73 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

A pequena enseada de Liméns presenta na súa fronte costeira un importante complexo sedimentario formado pola praia do mesmo nome e o cordón dunar que se prolonga pola súa parte traseira. A prolongación continental da unidade desenvólvese nun corredor tectónico afundido que formou un val de fondo plano, sobre o que discorre unha rede fluvial pouco significativa, flanqueado polas vertentes das elevacións graníticas dos montes Castro ao oeste e de Varalonga ao leste.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade pode diferenciarse, pola súa composición litolóxica, en tres bandas paralelas alternantes, todas elas seguindo unha disposición NO.-SE. Trátase de rochas ígneas nas que tan só se aprecian lixeiras variacións en canto á súa composición. De oeste a leste aparecen en primeiro lugar os granitos de afinidade alcalina, concretamente os mesmos granitos de feldespato alcalino que se repiten despois na banda oriental da unidade. Entre estas dúas bandas sitúase unha intermedia de granodioritas con megacristais feldespáticos, clasificada como granitoides de afinidade calcoalcalina en serie precoz. Non obstante, sobre esta banda intermedia dáse un importante recubrimento de depósitos cuaternarios de distinta procedencia. Seguindo a mesma disposición NO.-SE., dende o interior cara á costa, reconécense en primeiro lugar materiais detríticos coluvio-eluviais, e preto da Enseada de Liméns, un pequeno campo de dunas precede aos depósitos de area das praias de Liméns e Santa Marta.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por enriba de 15° C, amplitude térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións do rango de 1200 mm a 1400 mm ao ano. O extremo nororiental do val, no alto do Outeiro da Raposa, alcanza os 1600 mm polo que se pode incluír no ambiente Cálido e Moi Húmido.

#### OS SOLOS

Destacada presenza de arenosoles álbicos e háplicos nos depósitos cuaternarios do amplo complexo sedimentario da enseada de Liméns. A vertente traseira de pendente suave permite que os solos alcancen certo espesor, sendo sobre todo cambisoles dístrico-úmbricos. A cabeceira do val no extremo NE (Montes de Varalonga) así como nas ladeiras laterais que enmarcan o complexo sedimentario, a inclinación da pendente é superior e aumenta a superficie ocupada polos afloramentos rochosos, polo que se forman solos pobres do tipo regosol ou leptosol lítico.


#### AS AUGAS

O val de Ballotas, que se abre ás Augas Costeiras de Cangas (20157) na Enseada de Liméns, reconduce as augas procedentes das ladeiras dos relevos circundantes canalizándoas nun pequeno arroio que desemboca na praia de Liméns.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas. Unidade sedimentaria na que as dunas representan o ambiente máis importante da man dos hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, existindo potencialidade para o 2230, dunas mediterráneas con céspedes de Malcolmietalia. O arroio de Liméns forma, na parte occidental do cordón, zonas hidromorfas que poderíamos incluír no pouco estendido hábitat 2190, depresións intradunares húmidas. Tras as dunas o citado curso de auga aglutina as masas arbóreas de maior importancia. Trátase de bosques de ribeira (91E0) en estado mixto, que na suma desas dúas masas non puras se achega ás 3 ha. Ademais dalgunha agrupación de frondosas en recolonización nos arredores de Liméns, nesta unidade tamén se debe anotar o Grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, que aparece nos afloramentos rochosos das elevacións do sector nordeste e na vertente do extremo occidental da praia.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Nas vertentes dos montes que enmarcan a unidade, desenvólvese coberturas de uso forestal, no monte Castro con masas mixtas e matogueira de substitución, mentres que na vertente oposta dos montes de Varalonga predominan as formacións de matogueira litoral e masas de repoboación. No val de fondo plano, tras o complexo sedimentario da praia de Liméns e o seu cordón dunar, o maior espesor dos solos, por un lado, e a condución das augas superficiais recollidas na cunca da unidade por outro, configuran un mosaico agroforestal no que os cultivos forraxeiros, froiteiros e algúns viñedos se desenvolven xunto ás formacións de bosque de ribeira, masas mixtas con elevada proporción de autóctonas e matogueira de formacións vexetais costeiras. É preciso destacar o uso turístico das praias que en parte propiciou o desenvolvemento residencial unifamiliar da vertente oriental da praia de Santa Marta e dotacións como un cámping.

#### MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos fundacionais da unidade está constituído por catro núcleos rurais que se implantaron nos ámbitos de maior calidade agrolóxica. O núcleo principal é o de Liméns, que domina o val de Ballota cunha estrutura lineal ao longo da estrada provincial que segue o pé dos montes presentes. O Seixo, algo compacto, Cunchido, de estrutura máis radial, e Santa Marta, tamén compacto, desenvólveronse na vertente oriental da praia de Santa Marta. Neles producíronse crecementos de carácter rural, pero predominan os crecementos de vivendas unifamiliares illadas en parcela pechada desvinculadas dos usos rurais e sen función urbana, especialmente profusos nesa vertente oriental da praia de Santa Marta. A estrutura do parcelario e do viario é a orixinaria do minifundismo característico, cun maior protagonismo para a senda que cruza o val, o cal propiciou máis crecementos difusos.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realizase a través da estrada de titularidade autonómica PO-315, que conecta Bueu e Cangas. Non obstante as relacións de comunicación dentro a unidade realízanse a través das estradas provinciais e locais que percorren o val de Ballota, tanto polo seu contorno, como atravesándoo cunha nova vía. Por outra parte habilitáronse pasarelas que atravesan o cordón dunar para dar acceso á praia de Liméns dende a vía que atravesá o val, e un aparcadoiro no extremo oriental desta mesma praia.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

No territorio da unidade figura un elemento do patrimonio arqueolóxico compartido coa unidade da Enseada de Barra, o castro do monte Castro e a ermida de Santa Marta dentro do patrimonio etnográfico..

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A enseada de Liméns presenta en esencia un carácter rural agroforestal que está a ser desprazado polo aproveitamento turístico das praias de Liméns e Santa Marta. A organización da paisaxe desta enseada xira ao redor do complexo sedimentario e do val de fondo plano de Ballota, sobre o que se articula o sistema de comunicacións, os asentamentos fundacionais e o mosaico agroforestal. A condición de corredor tectónico afundido deste val achégalle ademais unha natureza de conector funcional entre a ría de Vigo e a ría de Aldán da costa da ría de Pontevedra, como demostra o trazado da estrada autonómica PO-315.

## DINÁMICA DA PAISAXE

Os procesos que configuran a base desta unidade son os tectónicos e os xeomorfolóxicos da dinámica litoral, en gran parte, tratándose polo tanto dos procesos de carácter natural. Ademais pódese destacar unha maior colonización por parte da vexetación do cordón dunar do complexo sedimentario. Respecto ás dinámicas antrópicas, obsérvase unha maior superficie das coberturas forestais en detrimento das áreas de cultivo ou pasto das zonas menos produtivas. Pero o proceso que supuxo unha maior transformación da unidade foi o aumento da presión turística sobre as praias, especialmente de tipo residencial, co crecemento de vivendas unifamiliares illadas desvinculadas das funcións rurais e urbanas sobre anteriores zonas de cultivo, e co acondicionamento de pasarelas e aparcadoiros e a implantación de dotacións de aloxamento como cámpings e apartamentos.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Os valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos sentan as bases do carácter da unidade da enseada de Liméns, figurando o seu complexo sedimentario cun conxunto dunar moi desenvolvido e dando lugar, tamén á conservación dun corredor de ribeira asociado a masas de vexetación autóctona. Pódese afirmar en definitiva que aínda están presentes os valores naturais desta unidade, que se enmarca ademais na área de interese para a avifauna do conxunto das rías Baixas. Por outra banda, na unidade coexisten valores arqueolóxicos asociados ao castro do monte Castro compartido pola unidade da Enseada de Barra. A configuración en arco da enseada de Liméns vese complementada pola configuración de corredor da unidade entre a ría de Vigo e a ría de Aldán da costa da ría de Pontevedra. Para a contemplación da súa organización seleccionáronse dous puntos de observación. Un deles nun dos altos dos montes de Varalonga, de 172 metros de altitude e moi próximo á área recreativa resultado da restauración do vertedoiro municipal. Dende este accédese tanto á panorámica da enseada de Liméns como á da ría Aldán, ademais de poder albiscar as Illas Cies e a vertente exterior do resto da ría de Vigo. O segundo punto seleccionado atópase na vertente occidental da praia de Liméns, dende onde se obtén unha visión máis próxima da enseada e do complexo sedimentario.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos residenciais da vertente oriental da praia de Santa Marta, desvincellados das funcións urbanas e rurais. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeneradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

- |  |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico                         |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional                             |
|  Agregado urbano / Agregado urbano   |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación                                       |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones                                |

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

- |   |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural                                    |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico   |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico   |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia                 |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos                       |
|  Puntos de observación / Puntos de observación   |
|  Faros / Faros   |





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











#### Espazos de interese / Espacios de interés

- |   |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón                    |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico     |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera    |

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- |   |   |
|---|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria             |  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje                |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto |  Zona portuaria / Zona portuaria                       |
|  Ferrocarril / Ferrocarril                           |  AVE / AVE   |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías     |  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras                  |  Pistas e camiños / Pistas y caminos                   |
|  EDAR / EDAR   |   |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



